

XEFATURA DO ESTADO

9239 *LEI 7/2001, do 14 de maio, de modificación da Lei do patrimonio do Estado, texto articulado aprobado polo Decreto 1022/1964, do 15 de abril. («BOE» 116, do 15-5-2001).*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Acordo de Consello de Ministros do 28 de xuño de 1996 estableceu as bases do proceso de modernización do sector público empresarial do Estado. Estas bases constituíron o marco no cal se desenvolveu un intenso proceso de optimización e racionalización do sector público, proceso que, pola súa vez, estivo unido á adopción de medidas tendentes a unha mellora na ordenación dos comunmente denominados grupos societarios públicos.

En concreto, a mellora da estrutura dos grupos públicos titulares de participacións societarias foi un dos instrumentos que facilitaron a consecución de tales obxectivos de modernización e racionalización. Un dos seus últimos referentes constitúeo o Real decreto lei 15/1997, do 5 de setembro, polo que se extingue o ente de dereito público Axencia Industrial do Estado, integrándose o seu activo e pasivo na Sociedad Estatal de Participaciones Industriales, proceso que, pola súa vez, e como reflicte a propia exposición de motivos da norma, veu antecedido pola extinción das entidades públicas, INI e TENEO, vinculadas ó Ministerio de Industria. A partir do Real decreto lei 15/1997 introduciuse un principio de unidade de titularidade e xestión arredor da Sociedad Estatal de Participaciones Industriales, que, como accionista único carente de apoio orzamentario, quedaba chamado a comportarse como un investidor privado na administración das participacións industriais, xa fosen rendibles ou deficitarias. A Sociedad Estatal de Participaciones Industriales recibiu desde aquela a achega de ENATCAR, constituída en forma de sociedade anónima e transferida á entidade pública polo Real decreto lei 6/1998, do 5 de xuño. Adicionalmente, a Lei 14/2000, do 29 de decembro, adscribiu á Sociedad Estatal de Participaciones Industriales o ente público Radiotelevisión Española, á vez que posibilita que se lle poidan adscribir novas entidades públicas empresariais.

O Real decreto 689/2000, do 12 de maio, fixo depender do Ministerio de Facenda tanto a Dirección Xeral do Patrimonio do Estado como a Sociedad Estatal de Participaciones Industriales. Esta norma pon de manifesto a necesidade de modifica-la actual configuración estanca de ámbolos grupos, na medida na que esta non permite unha natural reordenación de participacións entre eles, reordenación que aconsellan os criterios de homoxeneidade na composición e configuración dos grupos societarios e que é común no mercado. A rixidez que representa a existencia de dous grupos societarios compartimentados no ámbito dun mesmo ministerio ocasiona disfuncións na medida na que non é posible empregar en determinadas sociedades do Grupo Patrimonio a experiencia en procesos de reconversión e saneamento de que dispón a Sociedad Estatal de Participaciones Industriales, á vez que tampouco se fai factible a utilización da especializada dotación de medios humanos e técnicos con que conta esa entidade pública para a

implantación de criterios de xestión empresarial en sociedades que producen bens e servicios no mercado.

En definitiva, a incorporación na Sociedad Estatal de Participaciones Industriales de sociedades do Grupo Patrimonio ten por obxecto facilitar no contorno desta entidade o desenvolvemento especializado da xestión empresarial de sociedades que producen bens e servicios no mercado. A incorporación á Sociedad Estatal de Participaciones Industriales das sociedades que deben ser obxecto de procesos de desinvestimento terá como resultado conseguir rápidas reordenacións do sector público estatal, que deberán garanti-lo abandono polo Estado da titularidade de empresas que actúan en mercados abertos e competitivos que non requiren a presenza dun operador público.

Adicionalmente, a entrada na Sociedad Estatal de Participaciones Industriales de sociedades necesitadas de actuacións de optimización e racionalización fai que estas poidan beneficiarse da estrutura humana e técnica que haberá de conducir e asegura-la execución de urxentes medidas aconselladas por estritos criterios de xestión empresarial. Se ben é certo que o Grupo Patrimonio veu desenvolvendo tales actividades de forma plenamente satisfactoria, non é menos certo que as unidades correspondentes non teñen a estrutura suficiente para garanti-los intensos ritmos e actuacións múltiples e simultáneas que están esixindo as necesidades da converxencia europea, así como a liberalización e reestructuración dos mercados, á vez que non resulta razoable duplicar no propio Ministerio de Facenda estruturas xa existentes na Sociedad Estatal de Participaciones Industriales.

Sen prexuízo da apuntada reordenación de participacións, esta modificación normativa deixa aberta a vía ó Goberno para que, sobre a base de decisións concretas, poida proceder a tomar decisións de reordenación e reestructuración dos grupos societarios públicos dependentes da Administración xeral do Estado ou dos seus organismos públicos, con independencia do ministerio ó que estean adscritos, atendendo ás circunstancias de orde económica ou doutro tipo existentes en cada momento. Desta forma configúrase un procedemento singular de rápida execución que residencia no ministro de Facenda a facultade de proposta de realocización das sociedades dependentes do departamento, reservando a decisión para o Consello de Ministros. Cando a incorporación afecte a participacións das que a titularidade corresponda a organismos públicos ou entidades de dereito público con patrimonio propio, o acordo que aprobe a reordenación será adoptado por proposta conxunta do ministro de Facenda e do ministro que teña adscritos ó seu departamento o organismo público ou a entidade de dereito público titular das participacións. Establécese, igualmente, unha especialidade para as sociedades mercantís procedentes da transformación de organismos públicos ou entidades de dereito público.

Complementa esta delimitación de competencias de adopción e proposta do acordo de transferencia de participacións, a previsión de que as mencións efectuadas en norma legal ou regulamentaria para que a titularidade do Estado sobre determinadas participacións sexa exercida por determinado centro directivo ou entidade pública non sexa obstáculo para que tal previsión poida entenderse referida á entidade ou órgano ó que se lle efectúe a transferencia das participacións. Igualmente, preveuse que a entidade ou órgano destinatario das participacións societarias poida subrogarse na xestión e, se é o caso, liquidación das relacións xurídicas, normalmente na forma de contratos programa, existentes entre a sociedade transferida e o órgano ou entidade transferinte.

Esta configuración do procedemento e competencias para executa-las actuacións de reordenación vén com-

plementada cunha serie de normas de dereito substantivo e fiscal que teñen como finalidade garanti-la neutralidade dos cambios de titularidade das participacións sempre que esta teña lugar entre persoas xurídico-públicas do Estado. O fundamento destas modulacións que se impoñen sobre relacións xurídicas e estatutos sociais existentes ó entrar en vigor este precepto, entre elas as relativas ós dereitos de adquisición preferente ou ó mantemento dos negocios xurídicos, é claro. En concreto, como verdadeiros actos de reordenación de participacións societarias dentro do sector público estatal, os cambios de titularidade que se produzan por razón deste precepto entre entidades públicas non son outra cousa que un efecto reflexo do cambio do órgano ou entidade con competencia administrativa para exercer as facultades inherentes á titularidade de tales participacións. Neste sentido, un cambio de adscrición executado en virtude desta norma non supón alteración dos niveis de solvencia ou seguridade das relacións xurídicas nas sociedades participadas, nin implica a entrada dun terceiro alleo ó ámbito societario, senón que, polo contrario, soamente supón un cambio do órgano competente con mantemento da titularidade estatal.

Artigo único. *Modificación da Lei do patrimonio do Estado.*

Introdúcese un artigo 104 bis no texto articulado da Lei de bases do patrimonio do Estado, aprobado polo Decreto 1022/1964, do 15 de abril, coa seguinte redacción:

«1. O Consello de Ministros, mediante acordo adoptado por proposta do ministro de Facenda, poderá acorda-la incorporación de participacións accionariais de titularidade da Administración xeral do Estado á Sociedad Estatal de Participaciones Industriales, ou desta a aquela. Igualmente, poderá acordarse, por proposta conxunta do ministro de Facenda e do ministro do departamento ó que estean adscritos os respectivos organismos públicos ou entidades de dereito público, a incorporación de participacións accionariais de titularidade dos ditos organismos ou entidades á Sociedad Estatal de Participaciones Industriales ou á Administración xeral do Estado. No caso de sociedades mercantís constituídas a partir da transformación dun organismo público ou entidade de dereito público con posterioridade ó 1 de xaneiro do ano 2001, a proposta ó Consello de Ministros será efectuada, en todo caso, polo ministro de Facenda e o ministro ó que estivese adscrito o organismo ou entidade transformado.

En todos estes casos, o acordo do Consello de Ministros adoptarase logo do informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

A atribución efectuada legal ou regulamentariamente para que o exercicio da titularidade do Estado e das competencias inherentes a ela sobre determinadas participacións sexan exercidas por determinado órgano ou entidade, entenderase substituída a favor da entidade ou órgano que reciba tales participacións. Neste sentido, nos acordos que se adopten poderanse preve-los termos e condicións cos que a entidade á que se incorporan as sociedades se subroga nas relacións xurídicas, dereitos e obrigas que a entidade transmitente manteña con tales sociedades.

2. Para os efectos do disposto neste artigo, a Administración xeral do Estado ou a Sociedad Estatal de Participaciones Industriales adquirirán o pleno dominio das accións recibidas desde a adopción do acordo correspondente; a súa copia será título acreditativo da nova titularidade, xa sexa para efec-

tos do cambio das anotacións en conta e en accións nominativas, como para efectos de calquera outra actuación administrativa, societaria e contable que sexa preciso realizar. As participacións accionariais recibidas rexistraranse na contabilidade do novo titular polo mesmo valor contable que tiñan no anterior titular na data do dito acordo.

3. As operacións de cambio de titularidade e reordenación interna no sector público estatal que se realicen en execución deste artigo non estarán suxeitas á lexislación do mercado de valores nin ó réxime de oferta pública de adquisición e non darán lugar ó exercicio de dereitos de tanteo, retracto ou calquera outro dereito de adquisición preferente que estatutaria ou contractualmente puideran ter sobre estas participacións outros accionistas das sociedades as participacións dos cales sexan transferidas ou, se é o caso, terceiros a esas sociedades. Adicionalmente, a mera transferencia e reordenación de participacións societarias que se realice en aplicación desta norma non poderá ser entendida como causa de modificación ou de resolución das relacións xurídicas que manteñan tales sociedades.

4. Tódalas operacións societarias, cambios de titularidade e actos derivados da execución deste artigo estarán exentos de calquera tributo estatal, incluídos os tributos cedidos ás comunidades autónomas ou local, sen que neste último caso proceda a compensación a que se refire o primeiro parágrafo do número 2 do artigo 9 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

5. Os aranceis dos fedatarios públicos e rexistradores da propiedade e mercantís que interveñan os actos derivados da execución desta norma reduciranse nun 90 por 100.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 14 de maio de 2001.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

9569 *REAL DECRETO 485/2001, do 4 de maio, polo que se modifica o Real decreto 2001/1995, do 7 de decembro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos colorantes autorizados para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización. («BOE» 122, do 22-5-2001.)*

A Directiva 94/36/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de xuño, relativa ós colorantes utilizados nos produtos alimenticios, incorporouse ó ordenamento xurídico español mediante o Real decreto 2001/1995, do 7 de decembro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos colorantes autorizados para o seu uso na